



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE XULLO DE 2014

LICENZAS

LIC/817/2014.- PIA UNION PATRONATO DEL NIÑO.- Conceder licenza de obra para a instalación dun ascensor en escola infantil sita na rúa Canteira de Arriba (da), 17.

LIC/133/2014.- JOSÉ ANGEL VIGO OTERO.- Aceptar a cesión de terreo e conceder a licenza de obras de legalización de edificación auxiliar e adecuación de fachada na Travesía de Angrois nº 7.

LIC/405/2014.- IGNACIO CID GÓMEZ.- Conceder a licenza de obra para a execución dunha edificación auxiliar anexa á vivenda unifamiliar sita no Lugar de Pedrido, Vilvestro parcela 82-2.

LIC/888/2014.- INMOBILIARIA LEROY MERLIN, SLU.- Conceder licenza de obra para realizar movemento de terras e contención na parcela K4c01-1, pertencente á mazá K do SUNP-40, sita na rúa do País Vasco, 6.

PARCELACIÓN.-

LIC/1512/2013.- JUNTA DE COMPENSACIÓN DO SUP.3 DE PONTEPEDRIÑA.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 6 de marzo de 2014 e de sesión do 22 de maio de 2014 substituindo a referencia a parcela PR11 pola PR4, en tanto que ésta é a parcela obxecto de licenza.

PRÓRROGAS DE LICENZA.-

LIC/738/2014.- CONSTRUCCIONES FLORENCIO NOYA, S. L.- Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 21.06.2011 para construción de 4 vivendas unifamiliares na rúa Coto da Nai.

LIC/514/2014.- JOSÉ LUÍS CANEDA FREIRE.- Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 21.09.2010 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lg. de Mourentán nº 12.

LIC/1730/2013.- LUIS LÓPEZ TOIMIL.- Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 07.12.2010, modificada por acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do 18.12.2013 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar de Sanxuas, Aríns.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/689/2014.- ROBERTO CID GONZALEZ.- LIC/1876/99 6.827,50 €.-

LIC/534/2014.- ANTONIO LAMAS LAMAS.- LIC/674/2008 1.500 €.-

LIC/292/2014.- LUCIA MORADIELLOS ZAPICO.- . LIC/646/2007 ... 1.000 €.-

LIC/506/2013.- ANTONIO NOVO LOPEZ.- Estimar o recurso de reposición intrposto contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 8 de agosto de 2013 e acceder á devolución da fianza depositada en garantía da LIC/1329/2001 no lugar de Devesa por importe de 6.000 €.-

3.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

A XGL aproba este recoñecemento extraxudicial polo contrato de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela. O importe desta prestación de servizos alcanza a cantidade de 362.892,24 € que corresponden aos meses de xaneiro a abril de 2014.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Emprego, Comercio e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2014 para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas Entidades Locais, para o exercizo do ano 2014.

Esta subvención permitirá a contratación para diferentes Departamentos do Concello de persoas que se atopan con dificultades para a inserción laboral.

Atendendo ás necesidades das diferentes concellarías o reparto de postos de traballo na solicitude desta subvención queda da seguinte forma:

Para a Concellaría de Economía contratarase unha muller vítima da violencia de xénero de apoio ao Departamento de Emprego. Tamén haberá dous postos para contratar mozas ou mozos menores de 30 anos con especiais dificultades de inserción.

Para a Concellaría de Benestar poderase contratar unha muller vítima da violencia de xénero e finalmente haberá un posto para contratar a mulleres, mozas ou mozos parados de longa duración en Centros Socioculturais e en Deportes.

Esta subvención que ascende á cantidade de 33.325,44 € permitiranos reforzar estes departamentos con estes seis novos contratos e por un período de 6 meses.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía para dar conta da concesión de subvención, da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, para a realización do obradoiro de emprego "ECOTUR SANTIAGO".

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención da Consellería de Traballo para a realización do Programa Obradoiro de emprego ECOTUR (Turismo Ecolóxico) SANTIAGO por un importe de 204.318,66 € dos que o Concello aporta 25.000 €.

Este importe distribúese da seguinte maneira:

Gastos de persoal directiva ou docente: 73.968 €

Gastos de funcionamento e material: 20.313,06 €

Gastos salariais de alumnos-traballadores: 110.037,06 €

Estes programas teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de vinte e cinco anos ou máis idade a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interés social.

Nesta ocasión o Programa permitirá a rehabilitación e posta en valor da antiga Escola Unitaria de Vilvestro como Centro de Visitantes Val de Roxos-Camiño de Fisterra, a elaboración de Recursos e materiais para a promoción do Turismo Ecolóxico do Val de Roxos-Camiño de Fisterra, e tamén, a elaboración e mantemento da páxina web Val de Roxos-Camiño de Fisterra.

En relación as actividades formativas serán, en concreto, as seguintes:

-Promoción turística local e información aos visitantes.

-Confección e publicación de páxinas web.

-Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.

Gracias a esta acción poderanse beneficiar con este programa 23 persoas desempregadas durante 6 meses.

6.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais para dar conta da concesión da subvención da Deputación de A Coruña dirixida a concellos e outras Entidades Locais para o "Programa municipal de acción socioeducativa para a inclusión social" durante o ano 2014.

En relación a esta subvención da Deputación da Coruña deuse conta á XGL da publicación no BOP da Coruña da resolución definitiva da mesma co que o Concello de Santiago recibirá a cantidade de 35.550 € para o Programa Municipal de Acción Socioeducativa para a inclusión social 2014.

O *Programa Municipal de Acción Socioeducativa para a Inclusión Social* ten como obxectivo xeral a Inserción social de persoas en situación de risco e/ou exclusión social, a través da participación en accións dinamizadoras, individuais e colectivas, no seu entorno.

Está conformado por dous proxectos:

*Proxecto A "Proxecto de medidas de apoio a inserción social"

1.-Medidas orientadas á loita contra a exclusión social

2.-Medidas de apoio encamiñadas a favorecer a integración social e /ou laboral dos pais, nais, titores ou persoas acolledoras así inclusión social dos menores.

Proxecto B "Dinamización dos procesos educativos"

1.- Programa Municipal de Reforzo Educativo

Perfil dos/as posibles beneficiarios/as:

- Familias con escasa participación na vida comunitaria;
- Mocidade desocupada e/ou desescolarizada.
- Persoas maiores, para o fomento da autonomía persoal.
- Menores en idade escolar obrigatoria

Estes Programas son moi importantes porque as accións e actividades a desenvolver fomentan a integración e participación das persoas que participan neles.

7.- Proposta de concelleira delegada de Deportes para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto para o desenvolvemento do "I Jamboree de Clubs de Minibásquet 2014".

Deuse conta á XGL da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Federación Galega de Baloncesto co que se organizou o I Campionato Jamboree de Clubs de Minibásquet entre os pasados días 25 e 28 de xuño. O Concello achegou para esta actividade a cantidade de 8.000 €.

8.- Corrección erros acordo Xunta de Goberno Local 8 de maio de 2014 sobre aprobación proxecto de reforzo de firme na vía Pública a Avieiria (Cesar), PLAN DTC 93 Deputación Provincial de A Coruña.

A corrección de erros que se aprobou na XGL de hoxe é sobre o importe do proxecto de Reforzo do firme na vía pública a Avieiria na parroquia de Cesar.

Detectouse que o importe non era o correcto, aprobárase na XGL do 8 de maio de 2014 un importe de 54.844,95 € sendo o importe correcto o de 54.844,93 €. Erro que queda subsanado co trámite de hoxe.

9.- Aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

A proposta do concelleiro de Persoal aboáronse as horas extraordinarias dos diferentes servizos do Concello e o plus transporte. Concretamente aprobouse aboar os seguintes importes por este concepto e nos seguintes Departamentos:

-Administración: 1.958,75 €

-Bombeiros: 8.653,34 €

-Persoal laboral: 138,10 €

A estes gastos hai que engadirlle 2.537,03 € en concepto de gastos da Seguridade Social.

En relación aos gastos de plus transporte para traballadores do Parque Móbil e da Brigada de Vías e Obras o gasto ascende a 989,70 € máis 233,56 € de gastos da Seguridade Social.

10.- Segunda prórroga do servizo de xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude sito no Estadio de San Lázaro.

Con data 19 de abril de 2013 iniciouse o contrato administrativo deste servizo co prazo dun ano prorrogable a dous. Posto que actualmente xa se está tramitando o concurso para adxudicar de novo este contrato, a XGL do 16 de abril de 2014 aprobou, a proposta da concelleira de Xuventude, a prórroga deste servizo por un prazo de tres meses cun custo de 2.601,48 €. O prazo para presentar as ofertas para prestar este servizo está aberto ata o 23 de xullo polo que a XGL de hoxe procedeu a aprobación doutra prórroga por tres meses ou polo tempo imprescindible para a adxudicación do novo contrato.

11.- Aprobación proxecto de texto de convenio de colaboración entre ADIF, RENFE-OPERADORA, A FUNDACIÓN DOS FERROCARRÍS e o CONCELLO DE SANTIAGO para a construción dun parque conmemorativo na zona do accidente ferroviario de ANGROIS.

O 28 de setembro de 2013 o Ministerio de Fomento propicia o acordo entre o ADIF e o Concello de Santiago para a cesión dos terreos necesarios para a construción deste parque en Angrois. Os proxectos xa foron aprobados e hoxe a XGL aprobou o texto do convenio entre o ADIF, RENFE-OPERADORA, a Fundación dos Ferrocarrís e o Concello de Santiago de Compostela que posibilitará a realización de tódolos proxectos:

-A creación do campo da festa e pista polideportiva.

-Un almacén para a Asociación de Veciños.

-E finalmente o acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil o que fai unha inversión total de 300.000 €.

En relación á licitación destes proxectos comezará cando se asine o convenio de cesión dos terreos co ADIF xa que así o establece a Lei de Contratos do Sector Público.

12.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa a capacitación ao Auditorio de Galicia para realizar reformas no TEATRO PRINCIPAL.

Con data 27 de xuño o Auditorio de Galicia presentou unha solicitude para poder optar a unha subvención dos Fondos Europeos FEDER que se destina para o equipamento e mellora das instalacións e locais adicados á realización de actividades culturais.

Neste caso a actividade a financiar será o proxecto de adecuación de tremoia, incendios, iluminación led, climatización, tarimas e trípodes no Teatro Principal e no Auditorio de Galicia.

Os importes para estas melloras son de: 16.133 € para o Teatro Principal e de 35.652,82 € para o Auditorio de Galicia.

Para poder realizar estas actuacións é necesario aprobar a capacitación do Auditorio de Galicia para levar a cabo estas obras co que a XGL no día de hoxe aprobou a capacitación para estes traballos do Auditorio de Galicia.

15.- Concesión das instalacións de San Lázaro a SD Compostela para a tempada 2014/2015.

A proposta da concelleira de Deportes a XGL aprobou autorizar o uso do Estadio Municipal de San Lázaro á SD Compostela para a temporada 2014/2015.

Xunto coa autorización do uso desta instalación permitirase o cobro de entrada para os partidos de calquera índole tanto oficiais como amigables.

Así mesmo poderán colocar elementos publicitarios que se retirarán despois de cada partido. E o mesmo co servizo de bar do cal deberá responsabilizarse en relación á normativa de bebidas en recintos deportivos.

O Concello de Santiago unha vez máis apoia os Clubs da cidade e a colaboración da cesión da instalación supón un aporte fundamental para o funcionamento deste histórico club.

16.- Aprobación de convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma.

A Xunta mantén a cantidade asignada para este convenio no 2013 para a 2014 co obxecto de financiar os gastos de Compostela derivados da súa condición de capital galega e que ten un importe de 2,3 millóns de euros.